

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

10304 *Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.*

A Lei 34/2010, do 5 de agosto, como consecuencia da necesidade de incorporar á nosa lexislación o contido das directivas de recursos na redacción dada pola Directiva 2007/66/CE do Consello e o Parlamento Europeo, do 11 de decembro de 2007, introduciu modificacións nas leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de adxudicación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais. Entre elas ten especial relevancia a creación do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, así como a posibilidade recoñecida ás comunidades autónomas de crear órganos análogos, a todos os cales se lles atribúe a competencia para coñecer e resolver no seu ámbito respectivo os recursos, reclamacións e cuestións de nulidade que ambas as leis regulan.

O tempo de funcionamento dos órganos mencionados, así como dos procedementos de recurso ou reclamación, achegou unha experiencia con respecto á súa aplicación e á forma máis adecuada para resolver os problemas xurdidos dela que interesa recoller nunha norma regulamentaria.

O propósito desta disposición é precisamente, á luz desta experiencia, dotar de normas de actuación precisas e concretas tales órganos e aqueles que deban acudir a eles no exercicio da defensa dos seus intereses ou dereitos.

Como consecuencia diso, incorpóranse novas disposicións sobre a composición do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e déixase para as comunidades autónomas, a través das normas pertinentes, o desenvolvemento das que deban rexer o funcionamento dos órganos creados no seu ámbito.

No que corresponde ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, régulanse a Secretaría Xeral como órgano de asistencia, na súa dobre vertente de tramitación dos procedementos e de xefatura da oficina do Tribunal, e os convenios que se subscribirán coas comunidades autónomas para a asunción de competencia respecto delas.

Con respecto ao procedemento de recurso, son obxecto de regulación en termos máis detallados que os establecidos na lei a maioría dos seus trámites, e cómpre destacar a solicitude de medidas provisionais e, en especial, a posible existencia de garantías para responder dos danos que da súa adopción poidan derivar para o órgano de contratación ou para os restantes licitadores, causas de inadmisión, o cómputo dos prazos para a interposición do recurso segundo o acto que sexa obxecto del, a práctica da proba ou as sancións por interposición do recurso con mala fe ou temeridade.

Merece especial mención a regulación que se fai da posibilidade de acordar a indemnización de danos e perdas, permitindo que a través desta vía se poida establecer a correspondente compensación económica ás partes polas custas en que tivesen que incorrer como consecuencia da interposición do recurso.

Así mesmo, a través deste regulamento preténdese a regulación do marco xeral do establecemento da obrigatoriedade do uso de medios electrónicos nas relacións co Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. E iso en aplicación do previsto na disposición adicional décimo sexta en relación coa disposición derradeira cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, que prevén o uso de medios electrónicos na contratación administrativa, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Precisamente esta última permite establecer regulamentariamente a obrigación para determinadas persoas e entidades de relacionarse coa Administración soamente a través de medios electrónicos, previsión que foi obxecto de ampla regulación no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, e que dispón no seu artigo 32 que a dita obrigatoriedade se pode establecer mediante orde ministerial.

A pesar da posibilidade de efectuar tal regulación mediante orde ministerial, considérase conveniente incluír no presente regulamento as normas de maior entidade xurídica co obxecto de preservar a necesaria unidade do texto que regule o procedemento. Con iso contribúese, ademais, a salvagardar na mellor forma posible a garantía do dereito de defensa dos recorrentes.

Respecto das notificacións que debe practicar o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, optouse polo sistema de enderezo electrónico habilitado regulado na Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime do citado sistema previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009. Desta forma, todos os obrigados polo presente real decreto a ser notificados por vía electrónica saben que no enderezo electrónico que xa teñen habilitado para recibiren comunicacións e notificacións administrativas recibirán a partir de agora as que lles envíen como consecuencia da interposición dun recurso, reclamación ou cuestión de nulidade.

Neste sentido tívose en conta que a Axencia Estatal de Administración Tributaria, en aplicación do disposto no Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, incorporou xa, de maneira obrigatoria e logo de notificación individualizada, todas as sociedades anónimas e de responsabilidade limitada, ao sistema de «enderezo electrónico habilitado», polo que está garantido que todas elas acceden á caixa de correos electrónica habilitada para o efecto.

Sen dúbida, a tramitación electrónica representa un instrumento de grande utilidade para poder dar cumprimento ao propósito final da reforma introducida pola Lei 34/2010, do 5 de agosto. En efecto, esta prevé prazos brevísimos para a tramitación do procedemento de recurso cuxo cumprimento só pode ser garantido dunha forma efectiva a través da utilización de medios electrónicos na presentación dos escritos e documentos, na remisión dos expedientes de contratación e, en xeral, nas comunicacións e notificacións.

Con independencia das consideracións anteriores, o regulamento concíbese para a súa aplicación ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e aos recursos, reclamacións e cuestións de nulidade interpostos dentro da esfera de actuación da Administración xeral do Estado e dos poderes adjudicadores integrados ou dependentes dela ou na daquelas comunidades autónomas que lle atribúsen a este a competencia para resolver os recursos. Con todo, non se debe perder de vista que esta é unha norma a través da cal se leva a cabo o desenvolvemento de parte das contidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público e que delas teñen a consideración de básicas de conformidade co establecido na súa disposición derradeira segunda as que afectan o procedemento, polo que tamén as contidas neste regulamento deben ser consideradas como tales. Precisamente por iso a disposición adicional primeira establece que as mencións aos diferentes órganos do Estado ao longo do seu articulado deberán entenderse feitas tamén aos que corresponda de cada comunidade autónoma.

Unha última cuestión debe mencionarse. Este real decreto, sometido a informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado de conformidade coa disposición adicional primeira do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, enmárcase no desenvolvemento regulamentario xeral da lexislación reguladora da contratación pública contido na disposición derradeira sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, do cal non é senón unha anticipación derivada da conveniencia de acelerar a súa aprobación con obxecto de dar solución a cuestións que pola súa natureza non permiten maior demora na súa regulación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que figura a continuación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que por el se aproba entrarán en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

REGULAMENTO DOS PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN DE DECISIÓNS EN MATERIA CONTRACTUAL E DE ORGANIZACIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Réxime xurídico.

- Capítulo II. Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
 - Artigo 3. Composición do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
 - Artigo 4. Seccións.
 - Artigo 5. Substitución de titulares.
 - Artigo 6. Funcións dos membros do Tribunal.
 - Artigo 7. Independencia e responsabilidade dos membros do Tribunal.
 - Artigo 8. Asistencia e adopción de acordos.
 - Artigo 9. Actas das sesións.
 - Artigo 10. Atribución de competencia polas comunidades e cidades autónomas.
 - Artigo 11. Órganos competentes para a resolución de procedementos especiais de revisión das entidades locais.

- Capítulo III. Procedemento.
 - Sección 1.^a Disposicións xerais.
 - Artigo 12. Lingua dos procedementos que competen ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
 - Artigo 13. Acumulación.
 - Artigo 14. Comunicacións e notificacións.
 - Artigo 15. Prazo de resolución do procedemento.
 - Artigo 16. Acceso ao expediente de contratación.

 - Sección 2.^a Interposición do recurso especial, reclamación e cuestión de nulidade.
 - Artigo 17. Presentación ante o órgano de contratación.
 - Artigo 18. Lugar de presentación.
 - Artigo 19. Prazo de interposición: casos específicos.
 - Artigo 20. Presentación de documentos con copia.
 - Artigo 21. Efectos da interposición.

 - Sección 3.^a Requisitos do procedemento.
 - Artigo 22. Requisitos de admisión.
 - Artigo 23. Inadmisión do recurso.
 - Artigo 24. Casos especiais de lexitimación.

 - Sección 4.^a Medidas provisionais.
 - Artigo 25. Medidas provisionais.
 - Artigo 26. Garantías.
 - Artigo 27. Forma de constituír as garantías.

 - Sección 5.^a Instrución.
 - Artigo 28. Remisión do expediente.
 - Artigo 29. Posta de manifesto do expediente e alegacións.
 - Artigo 30. Proba.

Sección 6.^a Resolución.

Artigo 31. Resolución.

Artigo 32. Aclaración de resolucións.

Artigo 33. Indemnización de danos e perdas.

Sección 7.^a Actos posteriores á resolución: execución.

Artigo 34. Emprazamento das partes ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 35. Devolución de documentos.

Artigo 36. Execución das resolucións.

Artigo 37. Cancelación, devolución e execución de garantías.

Capítulo IV. Utilización de medios electrónicos.

Sección 1.^a Utilización de medios electrónicos.

Artigo 38. Tramitación electrónica do recurso, reclamación ou cuestión de nulidade.

Artigo 39. Condicións e requisitos técnicos do procedemento.

Sección 2.^a Notificacións electrónicas.

Artigo 40. Tramitación electrónica das notificacións.

Artigo 41. Persoas e entidades obrigadas.

Disposición adicional primeira. Adaptación aos órganos das comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. Publicación dos pregos na plataforma de contratación do sector público.

Disposición adicional terceira. Relacións do Tribunal coa plataforma de contratación do sector público.

Disposición transitoria primeira. Procedementos en curso.

Disposición transitoria segunda. Tramitación electrónica.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Referencias ao recurso especial, reclamacións, cuestións de nulidade, órganos de contratación e entidades contratantes.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa en materia de uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto:

a) O establecemento das normas que regulan a constitución, composición e réxime xurídico do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

b) O desenvolvemento da regulación do procedemento do recurso especial en materia de contratación contida no libro I, capítulo VI, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, das reclamacións reguladas no título VII da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, así como das cuestións de nulidade reguladas en ambas as leis.

c) A regulación da utilización de medios electrónicos na tramitación dos procedementos referidos no punto anterior e cuxa competencia corresponda ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, incluídas as notificacións, comunicacións e o acceso a eles.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais rexerá polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público e polas normas do presente regulamento. No non previsto expresamente neles serán de aplicación as disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os recursos, reclamacións e cuestións de nulidade interpostos ao abeiro do establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público ou na Lei 31/2007, do 30 de outubro, rexerá polas disposicións destes e polas normas deste regulamento. En defecto dunhas e doutras serán de aplicación as disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Os tribunais ou órganos administrativos creados polas comunidades autónomas para resolver os procedementos a que se refire este regulamento rexerá polas normas de creación e desenvolvemento aprobadas por estas en todo o referente á organización, constitución e funcionamento.

CAPÍTULO II

Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais

Artigo 3. *Composición do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.*

1. O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que terá a súa sede en Madrid, estará integrado polo presidente, os vogais e o secretario xeral.

2. O presidente e os vogais serán nomeados mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Xustiza, entre funcionarios que reúnan os requisitos establecidos para cada un deles no artigo 41.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A proposta ao Consello de Ministros farase logo de convocatoria realizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado». Nela especificaranse os requisitos que deberán reunir os que aspiren a ser designados para cubrir cada un dos postos convocados.

3. O secretario xeral será designado de entre funcionarios de carreira de corpos e escalas aos cales se acceda con título de licenciado ou de grao; para iso valoraranse especialmente os seus coñecementos e experiencia en materia de contratación pública. O nomeamento do secretario xeral farase nos termos previstos na lexislación reguladora da función pública.

Artigo 4. *Seccións.*

1. O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais está formado polo presidente, dous vogais e o secretario xeral. Cando o volume de asuntos sometidos ao seu coñecemento o requira, o número dos vogais incrementárase mediante real decreto.

2. Poderanse constituír seccións e atribuírse a estas o coñecemento dos asuntos en función do criterio de distribución que se considere máis adecuado. As seccións estarán presididas polo propio presidente do Tribunal, quen poderá delegar o exercicio da función nun dos vogais que integren a sección, e formadas por un ou máis vogais e o secretario xeral.

3. O presidente fixará mediante acordo a creación, composición e supresión das seccións, a repartición de atribucións entre estas e o Pleno e a distribución de asuntos entre as seccións.

Artigo 5. *Substitución de titulares.*

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente do Tribunal será substituído polo vogal de máis antigüidade no Tribunal, e de maior idade, por esta orde.

Nos casos de vacante, ausencia, ou enfermidade que afecte algún dos vogais, o presidente poderá asignar os seus asuntos a outro vogal.

Artigo 6. *Funcións dos membros do Tribunal.*

1. O presidente do Tribunal exercerá as funcións de dirección orgánica e funcional e será o responsable superior de todo o persoal, sen prexuízo das funcións que como xefe da oficina do Tribunal corresponden ao secretario xeral.

2. Corresponderalles aos vogais deliberar e propor as resolucións e os demais acordos que se deban adoptar no procedemento, así como aquelas outras tarefas que lles sexan expresamente asignadas polo presidente.

3. Correspóndenlle ao secretario xeral a dirección e coordinación da oficina do Tribunal, o impulso de oficio dos procedementos, velar pola execución das resolucións adoptadas, así como todas aquelas tarefas que lle sexan encomendadas polo presidente. Correspóndenlle igualmente as funcións propias da secretaría do Tribunal e das seccións como órganos colexiados.

Artigo 7. *Independencia e responsabilidade dos membros do Tribunal.*

Os membros do Tribunal exercerán, con total independencia e baixo a súa responsabilidade, as funcións que teñen legalmente atribuídas.

Artigo 8. *Asistencia e adopción de acordos.*

1. Todos os membros do Tribunal están obrigados a asistir ás sesións ás cales sexan convocados e a participar nas deliberacións necesarias para a adopción de acordos ou resolucións.

2. Os acordos adoptaranse pola maioría dos membros do Tribunal, con voto de calidade do presidente no caso de empate. O secretario xeral asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

3. Fóra dos motivos de abstención previstos no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ningún dos asistentes poderá absterse de votar e o que disinta da maioría poderá formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas. O voto particular incorporárase ao expediente e á resolución do recurso.

Artigo 9. *Actas das sesións.*

1. Deberase redactar a acta de todas as sesións que celebren o Tribunal ou as súas seccións. Nela indicaranse a data en que se celebra a sesión, os asistentes, o lugar, a duración da sesión, os recursos examinados, o resultado das votacións e o sentido das resolucións, así como o dos demais acordos adoptados.

2. As actas aprobaranse na mesma sesión ou na posterior, serán asinadas polo secretario xeral co visto e prace do presidente e conservaranse correlativamente numeradas na secretaría de cada órgano colexiado.

3. Xunto coas actas de cada sesión arquivárase o orixinal das resolucións adoptadas nela.

Artigo 10. *Atribución de competencia polas comunidades e cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

1. As comunidades autónomas, así como as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, poderán atribuír ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a competencia para resolver todos os recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos da comunidade ou cidade autónoma e dos organismos e entidades dependentes dela, e abarcará tamén as reclamacións que se interpoñan de conformidade

co establecido no artigo 101 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, así como as cuestións de nulidade interpostas en relación con todos eles.

2. Tal atribución formalizarase mediante a subscrición do correspondente convenio co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no cal deberán constar a compensación económica que se estableza, o prazo polo cal se fai a atribución e demais condicións dela, con especial referencia ás normas de dereito transitorio para a aplicación do convenio.

O convenio suscrito deberase publicar no «Boletín Oficial del Estado» e no diario oficial da comunidade ou cidade autónoma.

3. Esta atribución de competencia deberase mencionar en todo caso no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento de contido análogo, referíndose ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais como órgano ante o cal se deben interpor os recursos e ao convenio suscrito, para o efecto, co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. Como órgano de control e seguimento do convenio crearase unha comisión mixta de composición paritaria, que terá encomendada a supervisión do cumprimento do disposto nas cláusulas daquel e resolverá as dúbidas que poidan xurdir sobre a súa interpretación.

A comisión reunirse nos termos previstos no convenio e, en todo caso, sempre que o solicite unha das partes.

A actuación da comisión rexerese polas normas de constitución e actuación dos órganos colexiados previstas na Lei 30/1992, do 30 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Órganos competentes para a resolución de procedementos especiais de revisión das entidades locais.*

1. No suposto de que non exista previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia para coñecer dos recursos especiais en materia de contratación, reclamacións e cuestións de nulidade das corporacións locais corresponderá ao mesmo órgano administrativo ao cal as comunidades autónomas, en cuxo territorio se integren, lla atribúisen.

Esta competencia referirase a todos os recursos especiais en materia de contratación e cuestións de nulidade interpostos contra actos da corporación local e dos organismos e entidades dependentes dela, e abarcará tamén as reclamacións que se interpoñan de conformidade co establecido no artigo 101 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, así como as cuestións de nulidade interpostas en relación con todos eles.

2. Esta competencia deberase mencionar en todo caso no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento de contido análogo que faga as súas veces e identificarase o órgano ante o cal se deben interpor os recursos, as reclamacións e as cuestións de nulidade.

CAPÍTULO III

Procedemento

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 12. *Lingua dos procedementos que competen ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.*

1. Os escritos e documentos de calquera clase dirixidos ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais que presenten os interesados nos procedementos que son obxecto deste regulamento deberán estar redactados en castelán. Se o están nalgunha das linguas cooficiais, deberanse presentar acompañados da tradución para o castelán.

2. A presentación de escritos e documentos de calquera clase redactados en linguas estranxeiras non producirá ningún efecto ante o Tribunal se non van acompañados da correspondente tradución para o castelán cos requisitos legalmente exixibles.

3. En todo caso, os escritos e documentos deberán ir asinados polos interesados. A falta de presentación da tradución para o castelán poderase emendar nos termos previstos no artigo 44.5 do texto refundido da Lei de contratos do sector público ou no 104.5 da Lei 31/2007, do 30 de outubro.

Artigo 13. *Acumulación.*

1. Poderase acordar a acumulación de dous ou máis recursos en calquera momento previo á terminación, tanto de oficio como por solicitude do recorrente ou de calquera dos interesados comparecidos no procedemento.

2. Contra o acordo de acumulación ou contra o da súa denegación, que deberán ser motivados, non caberá a interposición de ningún recurso.

Artigo 14. *Comunicacións e notificacións.*

1. As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos e os órganos de contratación faranse por medios electrónicos.

Só se exceptuarán aqueles casos en que o órgano de contratación careza dos medios adecuados para iso.

2. As notificacións aos recorrentes e aos demais interesados intervinientes nos procedementos de recurso faranse polos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, sen prexuízo do disposto no artigo 38 e seguintes deste regulamento.

En todo caso, cando o recorrente e os demais interesados admitisen as notificacións por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos durante a tramitación do procedemento de adxudicación, no caso de que interviñesen nel, ou ben cando o solicitasen no procedemento de resolución do recurso, as notificacións efectuaránselles por estes medios.

Artigo 15. *Prazo de resolución do procedemento.*

Transcorridos dous meses contados desde o seguinte á interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución, o interesado poderá consideralo desestimado para os efectos de interpor recurso contencioso-administrativo.

Artigo 16. *Acceso ao expediente de contratación.*

1. Se o interesado desexa examinar o expediente de contratación de forma previa á interposición do recurso especial, deberá solicitalo ao órgano de contratación, o cal terá a obriga de pólolo de manifesto sen prexuízo dos límites de confidencialidade establecidos nos artigos 140 e 153 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A solicitude de acceso ao expediente poderán facela os interesados dentro do prazo de interposición do recurso especial, e o órgano de contratación deberá facilitar o acceso nos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da solicitude.

2. O incumprimento das previsións contidas no punto anterior por parte do órgano de contratación non eximirá os interesados da obriga de interpor o recurso especial dentro do prazo establecido no artigo 44.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público. No entanto, o citado incumprimento poderá ser alegado polo recorrente no seu recurso cos efectos establecidos no artigo 29.4 deste regulamento.

*Sección 2.ª Interposición do recurso especial, reclamación e cuestión de nulidade**Artigo 17. Presentación ante o órgano de contratación.*

A presentación do escrito de interposición ante o órgano de contratación producirá, ademais, os efectos do anuncio de recurso.

Artigo 18 Lugar de presentación.

O recurso especial en materia de contratación e as cuestións de nulidade ao abeiro do texto refundido da Lei de contratos do sector público só se poderán presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelos. A reclamación do artigo 101 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, e as cuestións de nulidade ao abeiro da lei citada só se poderán presentar no rexistro do órgano administrativo competente para resolvelas.

A presentación nas oficinas de Correos ou en calquera rexistro administrativo distinto dos mencionados no punto anterior non interromperá o prazo de presentación. En tales casos, o recurso, a reclamación ou a cuestión de nulidade entenderanse interpostos o día en que entren no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelo, segundo proceda.

No entanto, cando no mesmo día da presentación se remita ao órgano administrativo competente para resolvelo ou ao órgano de contratación, de ser o caso, copia do escrito en formato electrónico, considerarase como data de entrada a que corresponda á recepción da mencionada copia.

Artigo 19. Prazo de interposición: casos específicos.

1. Cando o recurso se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da data da súa publicación no *Diario Oficial de la Unión Europea*, salvo que a lei non exixa que se difunda por este medio. Neste último caso, o prazo comezará a contar desde o día seguinte ao da data de publicación no perfil do contratante do órgano de contratación e, no caso de que esta última data non estivese acreditada fidedignamente, desde o día seguinte ao da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou, de ser o caso, nos diarios ou boletíns oficiais autonómicos ou provinciais, segundo proceda.

2. Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicase en forma legal a convocatoria da licitación, de conformidade co indicado no número 1 deste artigo, se nela se fixo constar a publicación dos pregos na plataforma de contratación do sector público ou no lugar e na forma para acceder directamente ao seu contido.

En caso contrario, o cómputo comezará a partir do día seguinte a aquel en que estes fosen recibidos ou postos á disposición dos interesados para o seu coñecemento. Neste último caso, cando os ditos documentos fosen postos á disposición dos interesados soamente por medios electrónicos, o prazo para interpor recurso comezará a computarse a partir da data en que conclúa o de presentación das proposicións, salvo que houberse constancia de que foron coñecidos con anterioridade á dita data. Cando non se puxesen á disposición dos interesados por medios electrónicos, o prazo comezará a contar desde o día seguinte a aquel en se lle entregasen ao recorrente.

3. Cando o acto de exclusión dalgún licitador do procedemento de adxudicación se notifique previamente ao acto de adxudicación, o recurso contra a exclusión deberase interpor dentro do prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que o licitador recibise a notificación do acto de exclusión.

4. Cando a notificación se practique por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, considerarase que a remisión se realiza na data en que se produciu o envío.

5. Os actos notificados cumprindo os requisitos establecidos no artigo 58.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, deberán ser impugnados dentro dos prazos previstos no

número 2 do artigo 44 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e no presente artigo. Este precepto será de aplicación aínda que o acto ou resolución impugnados carezan da motivación requirida de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou no artigo 151.4 do texto refundido da Lei de contratos do sector público. Como consecuencia diso, aínda que o texto da resolución non sexa completo, non se considerará defectuosa e terase por producida sen prexuízo de que o recurso poida ser fundado nesta circunstancia.

Pola contra, se as notificacións referidas á exclusión dun licitador ou á adxudicación dun contrato contraveñen os requisitos do artigo 58.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o prazo comezará a contar desde o momento en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da notificación ou interpoña calquera recurso.

6. Cando resulte acreditada a imposibilidade de que o interesado recibise a notificación do acordo de adxudicación antes de transcorridos quince días hábiles desde a súa remisión, o prazo para a interposición do recurso comezará a contar a partir da data en que efectivamente a recibise.

Artigo 20. *Presentación de documentos con copia.*

Os interesados no procedemento poderán pedir a devolución dos documentos que presenten xunto co escrito de interposición ou de alegacións acompañados de copia, logo do cotexo desta. A copia cotexada incorporárase ao expediente de recurso. Exceptúanse aqueles documentos cuxas características aconsellen, ao xuízo do Tribunal, que a devolución non se efectúe ata a resolución do recurso.

Artigo 21. *Efectos da interposición.*

1. Cando o recurso se interpoña contra o acto de adxudicación, o órgano de contratación suspenderá de inmediato a súa execución se o recurso se interpón ante el ou, noutro caso, en canto se reciba o requirimento do Tribunal para remitir o expediente de contratación.

2. No suposto previsto no punto anterior, transcorridos trinta días hábiles desde a interposición do recurso especial, o Tribunal revisará, de oficio, a medida de suspensión e poderá deixala sen efecto se concorren novas circunstancias que o requiran.

3. Nos procedementos de contratación por lotes, cando o recurso se interpoña respecto da adxudicación de lotes concretos, a suspensión só afectará os lotes que sexan obxecto de impugnación.

Sección 3.^a *Requisitos do procedemento*

Artigo 22. *Requisitos de admisión.*

1. Só procederá a admisión do recurso cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Competencia para coñecer do recurso.

2.º Acreditación da lexitimación e da representación do recorrente mediante poder que sexa suficiente para ese efecto.

3.º Que o recurso se refira a algún dos contratos recollidos no artigo 40.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

4.º Que o recurso se interpoña contra algún dos actos enumerados no artigo 40.2 do texto refundido citado.

5.º Que a interposición se faga dentro dos prazos previstos no artigo 44.2 do mesmo texto refundido.

6.º Que se xunten ao escrito de interposición os documentos e requisitos a que se refire o artigo 44.5 do texto refundido, sen prexuízo do disposto nel respecto da posibilidade de emenda.

2. Só procederá a admisión da reclamación a que se refiren o artigo 101 e seguintes da Lei 31/2007, do 30 de outubro, cando concorran os seguintes requisitos:

- 1.º Competencia para coñecer da reclamación.
- 2.º Acreditación da lexitimación e da representación do recorrente mediante poder que sexa suficiente para ese efecto.
- 3.º Que a reclamación se refira a algún dos contratos regulados na mencionada lei.
- 4.º Que a reclamación se interpoña contra algún dos actos enumerados no artigo 40.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- 5.º Que a interposición se faga dentro dos prazos previstos no artigo 104.2 da mesma lei.
- 6.º Cando se trate dos contratos incluídos nas categorías do anexo IIB da Lei 31/2007, do 30 de outubro, non se admitirá a reclamación contra o acto de adxudicación, os anuncios de licitación, pregos, documentos contractuais e actos precedentes do procedemento de adxudicación de tales contratos, salvo que esta teña por obxecto impugnar as prescricións técnicas reguladas no artigo 34 da dita lei.

3. Nos termos previstos no artigo 39.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o órgano competente poderá inadmitir a cuestión de nulidade cando previamente se interpuxese recurso contra algún dos actos recorribles de conformidade co artigo 40.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, mesmo no caso de que o órgano de contratación ou a entidade contratante formalizasen o contrato con incumprimento do prazo de espera previsto no artigo 156.3 ou da suspensión automática ou da acordada polo órgano competente para resolver o recurso.

En tales casos, a estimación do recurso comportará a nulidade do contrato formalizado, de conformidade co disposto no artigo 35.1 do texto refundido mencionado, cos efectos que no mesmo precepto se prevén.

Nos termos previstos no artigo 111.2 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, o órgano competente poderá inadmitir a cuestión de nulidade interposta nos casos enumerados no artigo 109.1 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, se sobre o mesmo procedemento de adxudicación se interpuxese unha reclamación no caso de que da estimación desta deba derivar a declaración de nulidade do contrato formalizado con infracción do disposto nos artigos 83.3, 103 e 104.6 da lei mencionada.

Artigo 23. *Inadmisión do recurso.*

A apreciación do cumprimento dos requisitos para a admisión do recurso incluídos no artigo anterior corresponderá ao Tribunal.

Artigo 24. *Casos especiais de lexitimación.*

1. Sen prexuízo dos supostos xerais previstos no artigo 42 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e no 102 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, os recursos regulados neste regulamento poderán ser interpostos polas asociacións representativas de intereses relacionados co obxecto do contrato que se impugna exclusivamente cando o sexan para a defensa dos intereses colectivos dos seus asociados.

2. No caso de que varias empresas concorran a unha licitación baixo o compromiso de constituír unión temporal de empresas para o caso de que resulten adxudicatarias do contrato, calquera delas poderá interpor o recurso, sempre que os seus dereitos ou intereses lexítimos se visen prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso.

Se algunha das empresas asinantes do compromiso non desexa interpor o recurso, poderá pólo de manifesto ao Tribunal en calquera momento do procedemento anterior á resolución. En tal caso non se terá por comparecida nel e, no caso de que o Tribunal acorde a imposición de multa por temeridade ou mala fe, nos termos previstos no artigo 47.5 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, esta só será exigible á entidade ou entidades recorrentes.

3. A interposición do recurso en representación das persoas xurídicas de calquera clase requirirá de poder con facultades suficientes para o efecto.

4. Están lexitimados para interpor recurso especial, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros das entidades locais que votasen en contra dos actos e acordos impugnados.

Sección 4.^a Medidas provisionais

Artigo 25. Medidas provisionais.

1. Fóra dos casos da suspensión automática prevista nas leis, o Tribunal poderá acordar motivadamente a adopción de medidas provisionais, incluída a suspensión do procedemento, tanto por solicitude do recorrente como de oficio. Neste último caso deberá, previamente, dar audiencia en relación coa adopción das medidas ao órgano de contratación e daralle un prazo de dous días hábiles para manifestar a súa conformidade ou a súa oposición.

2. As resolucións polas cales se acorde a suspensión ou o seu levantamento, así como as que acorden calquera outra medida provisional, deberán selles notificar ao órgano de contratación e ao recorrente no mesmo día en que se diten. Unha vez recibida a notificación, se se acorda a suspensión, o órgano de contratación levaraa a cabo de inmediato.

Se se trata dalgunha outra medida provisional, deberá adoptala no prazo que para o efecto fixe o Tribunal na súa resolución.

3. O Tribunal poderá acordar a modificación ou revogación dunha medida provisional cando existan circunstancias debidamente xustificadas que aconsellen a dita actuación.

4. O previsto neste artigo será igualmente aplicable cando a medida provisional se solicite con carácter previo ou con posterioridade á interposición do recurso.

Artigo 26. Garantías.

1. Cando, de conformidade co disposto no artigo 43.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, ou 103.3 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, o Tribunal acorde a adopción das medidas provisionais por solicitude do recorrente ou reclamante poderá condicionar a súa eficacia á constitución dunha garantía para responder dos prexuízos que da súa adopción poidan derivar para o órgano ou entidade autores do acto impugnado ou para calquera dos interesados na adxudicación.

2. En tal caso, no mesmo acordo en que a adopte fixará o importe da garantía e o prazo para constituíla, que non poderá exceder os dez días hábiles.

O importe da garantía fixarase no cinco por cento do orzamento de licitación do contrato se non se procedese aínda á adxudicación e do importe desta en caso contrario, salvo que entenda xustificadamente que a responsabilidade en que o solicitante da medida provisional poida incurrir alcanzará previsiblemente unha contía inferior ou superior. Se se trata dun procedemento de adxudicación en que non exista orzamento de licitación ou de adxudicación, o Tribunal fixará o importe da garantía, exclusivamente, con base na estimación que faga dos posibles danos.

En todo caso, para o cálculo do importe da garantía non se terá en consideración a cota correspondente do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 27. Forma de constituír as garantías.

1. As garantías que se exixan para a adopción de medidas provisionais constituiranse á disposición do Tribunal e responderán, na contía determinada por el, dos danos que se lles poidan ocasionar como consecuencia de tales medidas, tanto ao órgano de contratación como aos demais interesados no procedemento de adxudicación.

2. Só se admitirán como garantías o aval bancario, o contrato de seguro de caución ou o depósito de metálico ou valores de débeda pública do Estado, constituídos de

conformidade coas disposicións vixentes e depositados na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda.

3. A Secretaría do Tribunal, unha vez recibido o xustificante acreditativo do depósito e verificado o cumprimento dos requisitos indicados nos puntos anteriores, declarará firmes as medidas provisionais acordadas. En caso contrario, transcorrido o prazo outorgado para o efecto sen que aquelas se constituísen, declararáas decaídas e deixaráas sen efecto.

4. Contra as resolucións ditadas polo Tribunal en relación coas garantías non caberá recurso ningún.

Sección 5.^a Instrución

Artigo 28. *Remisión do expediente.*

1. O expediente de contratación remitirase por medios electrónicos sempre que sexa posible.

2. Enviarase o expediente de contratación completo e ordenado, acompañado dun índice dos documentos que conteña, incluíndo dilixencia de autenticación. Deberáselle engadir necesariamente a aquel unha relación dos participantes na licitación co seu número de identificación fiscal. No caso das unións temporais de empresas, incluíranse os números de identificación fiscal correspondentes a cada unha das entidades que, no seu momento, a deban constituír.

No expediente incluíranse os documentos declarados confidenciais polos licitadores e farase constar o seu carácter confidencial no índice e no lugar do expediente onde estean os ditos documentos.

3. Cando, ao xuízo do Tribunal, a documentación recibida estea incompleta ou se omitisen antecedentes relevantes para a resolución do asunto, requirirá do órgano ou entidade autores do acto impugnado que complete o expediente no prazo dos dous días hábiles seguintes.

4. O órgano de contratación xuntará ao expediente un informe sobre a súa tramitación, coas alegacións que en dereito considere adecuadas tanto respecto das medidas provisionais, de se teren solicitado, como respecto do fondo da cuestión suscitada.

5. Se, solicitado o expediente ou a documentación para completalo, o órgano de contratación non os remite dentro dos prazos previstos legal ou regulamentariamente, a Secretaría do Tribunal reclamaraos de novo. Transcorridos dous días hábiles sen recibilos, porao de manifesto ao recorrente para que alegue o que considere conveniente ao seu dereito respecto deste incidente e achegue os documentos que considere apropiados para a resolución do recurso ou a reclamación no prazo de cinco días hábiles.

Concluído este prazo, continuará o procedemento conforme os trámites legalmente establecidos, sen prexuízo da responsabilidade en que puideren incorrer as persoas a cuxo cargo estivese a remisión do expediente de contratación, que se exixirá, cando se trate de persoal ao servizo dunha Administración pública, nos termos establecidos na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Artigo 29. *Posta de manifesto do expediente e alegacións.*

1. A posta de manifesto do expediente aos restantes interesados comparecidos no procedemento de adxudicación para formular alegacións faraa a Secretaría do Tribunal durante o prazo de cinco días hábiles, de conformidade co disposto nos artigos 46.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e 105.3 da Lei 31/2007, do 30 de outubro.

2. Os interesados poderán tomar cantas notas necesiten para formular as súas alegacións e solicitar copia ou certificado daqueles documentos contidos no expediente

que sexan indispensables para exercer o seu dereito de defensa, que serán expedidos pola Secretaría sempre que os medios dispoñibles o permitan e non se vexa afectada a eficacia do funcionamento dos servizos públicos.

A Secretaría non estará obrigada a aceptar ningunha solicitude xenérica respecto da expedición de copias.

3. Cando o recorrente solicitase no trámite previsto no artigo 16 vista do expediente e o órgano de contratación lla denegase, o Tribunal, á vista do alegado no escrito de interposición e do informe do órgano de contratación, poderalle conceder ao recorrente o acceso ao expediente de contratación nas súas oficinas, con carácter previo ao trámite de alegacións, e durante o prazo de cinco días hábiles, para que proceda a completar o seu recurso; neste suposto concederáselle un prazo de dous días hábiles ao órgano de contratación para que emita o informe correspondente e cinco días hábiles aos restantes interesados comparecidos no procedemento para que efectúen alegacións.

Artigo 30. *Proba.*

1. A solicitude da proba deberase facer no escrito de interposición do recurso, se a solicita o recorrente, e no de alegacións cando a solicite calquera dos restantes interesados. Se a solicitude a formula o órgano autor do acto impugnado, deberase facer no informe remitido xunto co expediente de contratación.

A solicitude de práctica de proba deberase formular en termos concretos identificando as cuestións sobre as cales debe versar e a persoa ou persoas propostas para practicala.

2. O Tribunal, en calquera momento antes da resolución do recurso, poderá acordar de oficio ou por instancia dos interesados a práctica da proba.

Acordada a práctica da proba, esta deberáselles notificar aos interesados no recurso dentro do prazo de cinco días hábiles a partir da data en que o Tribunal acorde a apertura do período de proba, indicando, de ser o caso, o lugar, a data e a hora da súa práctica.

3. Os gastos derivados da práctica da proba serán por conta daquel que a solicitase, sen prexuízo do disposto no artigo 33 deste regulamento.

4. Contra as resolucións que se adopten en relación coa práctica da proba non caberá recurso ningún, sen prexuízo da posibilidade de aducir a súa denegación como fundamento do recurso contencioso-administrativo.

Sección 6.ª Resolución

Artigo 31. *Resolución.*

1. A resolución que se dite no procedemento de recurso decidirá todas as cuestións e causas de inadmisión que deriven da instrución do procedemento, estimándoas ou desestimándoas, sen prexuízo do disposto no artigo 47 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A resolución expresará, ademais, os recursos que cabe interpor contra ela, os órganos ante os cales deben presentarse e o prazo para interpolos.

2. Cando o Tribunal aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso, acordará na resolución que dite a imposición dunha sanción pecuniaria ao recorrente nos termos previstos no número 5 do artigo 47 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, na cal xustificará as causas que motivan a imposición e as circunstancias determinantes da súa contía.

A imposición de multas ao recorrente só procederá no caso de que se desestimasen totalmente as pretensións formuladas no escrito de recurso.

3. Así mesmo, na resolución acordarase o levantamento da suspensión automática do procedemento ou das medidas provisionais acordadas.

Neste último caso, de se ter exixido a constitución de garantías para responder dos prexuízos derivados da súa adopción e a resolución for totalmente estimatoria, ordenará a súa cancelación.

Cando a resolución fose parcialmente estimatoria ou desestimatoria, o Tribunal absterase de facer pronunciamento nela sobre a cancelación das garantías e limitárase a diferir este ao trámite previsto nos números 2 e 3 do artigo 37.

Artigo 32. *Aclaración de resolucións.*

Se o órgano de contratación ou algún dos interesados no procedemento de recurso que comparecese nel considera que a resolución contén algún concepto escuro ou algún erro material, poderá solicitar a súa aclaración ou rectificación no rexistro do Tribunal dentro do prazo de tres días hábiles contados desde a recepción da súa notificación.

O Tribunal deberase pronunciar sobre a aclaración ou rectificación solicitada dentro do día hábil seguinte a aquel en que a recibise.

Artigo 33. *Indemnización de danos e perdas.*

O Tribunal, no caso de estimar o recurso, poderá apreciar na súa resolución, por instancia do recorrente, os danos e perdas derivados para el da actuación do órgano de contratación e fixará para o efecto a indemnización que cómpre satisfacer por iso. Entre os danos indemnizables poderanse incluír os gastos necesariamente orixinados pola intervención no procedemento de recurso, incluídos os derivados da práctica de proba. En todo caso, deberase tratar de danos e perdas reais, efectivos e avaliábeis economicamente.

Sección 7.ª Actos posteriores á resolución: execución

Artigo 34. *Emprazamento das partes ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.*

Cando, contra unha resolución do Tribunal, se interpoña recurso contencioso-administrativo, aquel, unha vez recibida a dilixencia do órgano xudicial pola cal se reclame o expediente administrativo, emprazará, para a súa comparecencia ante a sala correspondente, o órgano de contratación autor do acto obxecto do recurso e os restantes comparecidos no procedemento.

O emprazamento indicado no parágrafo anterior farase na forma prevista no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Tratándose de resolucións ditadas con motivo dos convenios subscritos ao abeiro do previsto no artigo 41.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, a comunicación citada no parágrafo anterior realizaráselles aos interlocutores designados nos respectivos convenios.

Artigo 35. *Devolución de documentos.*

Unha vez concluído o procedemento e firme a resolución, salvo que o procedemento se tramite integramente por vía electrónica nos termos do capítulo IV deste regulamento, a Secretaría do Tribunal acordará a devolución aos interesados que o soliciten dos documentos achegados por eles ao procedemento e deixará no expediente copia debidamente cotexada.

Artigo 36. *Execución das resolucións.*

1. As resolucións que poñan fin ao procedemento de recurso serán executadas polo órgano de contratación autor do acto impugnado con suxeición estrita aos seus termos.

Se a resolución acorda a anulación do procedemento de licitación, o órgano de contratación, para poder proceder á adxudicación do contrato, deberá convocar unha nova licitación. Cando cumpra a retroacción do procedemento, a anulación de trámites ordenada polo Tribunal non será obstáculo para que se manteña a validez daqueles actos e trámites cuxo contido permanecese igual de non se ter cometido a infracción.

2. Cando a resolución acorde a imposición ao recorrente de multa, o pagamento deberano facer os obrigados nos prazos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para a recadación en período voluntario. Para tal fin, xunto coa resolución que impoña a multa ou a indemnización presentárase o documento de ingreso da débeda correspondente.

3. Os incidentes que expoñan os interesados en relación coa execución da resolución serán resoltos polo Tribunal logo de audiencia dos interesados.

Para tal fin, unha vez recibido o escrito en que se expón o incidente, o Tribunal dará traslado del, coa documentación que o acompañe, aos interesados co fin de que, durante o prazo de dez días hábiles, poidan alegar canto consideren oportuno.

Realizado o trámite anterior ou, de ser o caso, transcorrido o prazo para isto, o Tribunal resolverá o incidente no prazo de cinco días hábiles.

Artigo 37. *Cancelación, devolución e execución de garantías.*

1. As garantías constituídas para responder dos prexuízos que puideren derivar da adopción de medidas provisionais por solicitude do recorrente quedarán sen efecto e serán canceladas, se a resolución do recurso é totalmente estimatoria.

En tal caso, a Secretaría acordará a súa cancelación e entregaralle ao interesado o acordo correspondente ou, se este o solicita, remitírallo directamente á Caixa Xeral de Depósitos para os fins previstos no seu regulamento.

2. Cando a resolución sexa parcialmente estimatoria ou desestimatoria, a Secretaría só acordará a devolución da garantía unha vez constatado que non hai responsabilidades exixibles sobre ela.

Para este fin, requirirá o órgano de contratación que ditase o acto impugnado e os restantes interesados comparecidos no procedemento para que, no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que reciban a notificación, indiquen por escrito se sufriron danos e a contía en que os cifran.

Do escrito anterior darase traslado ao recorrente para que nun prazo idéntico ao anterior formule as alegacións que xulgue pertinentes.

Se ningún deles formula reclamación de danos, a Secretaría acordará a devolución das garantías sen máis trámite e procederá segundo o previsto no segundo parágrafo do número 1.

Noutro caso e á vista dos escritos presentados, a Secretaría propondrá ao Tribunal a resolución que proceda dítar sobre a reclamación de danos. O Tribunal deberá ter en conta para ditala se os danos reclamados derivan directamente da adopción das medidas provisionais, se son economicamente avaliábeis e se a contía en que se avalían se corresponde co dano efectivamente producido. Se a resolución considera procedente recoñecer o dereito á indemnización, deberá cuantificala.

3. Acordada a indemnización, a Secretaría do Tribunal notificarallo ao recorrente e concederlle un prazo dun mes para efectuar o ingreso do seu importe no órgano encargado da xestión da tesouraría na Administración correspondente.

Transcorrido o prazo anterior sen que o aboamento se efectuase, a Secretaría acordará a execución da garantía, para o cal se seguirá o procedemento establecido no Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado mediante o Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro.

Se a garantía non abonda para cubrir integramente o importe da indemnización, o resto exixírase pola vía de constrinximento, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación aprobado mediante o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

4. Naqueles casos en que o aboamento da indemnización se deba acordar a favor dalgún particular, o órgano encargado da xestión da tesouraría na Administración correspondente, unha vez ingresada polo recorrente, deberalla aboar ao titular, para cuxo fin servirá como recoñecemento da obriga a resolución do Tribunal.

CAPÍTULO IV

Utilización de medios electrónicos

Sección 1.^a Utilización de medios electrónicos

Artigo 38. *Tramitación electrónica do recurso, reclamación ou cuestión de nulidade.*

1. A tramitación dos escritos de interposición de recurso, as alegacións dos interesados e demais escritos que se deberán presentar ao Tribunal, así como as comunicacións e notificacións que cómpre realizar no procedemento, a remisión do expediente, así como a consulta do estado de tramitación da resolución e calquera outro trámite necesario para o desenvolvemento do procedemento realizaranse por vía electrónica.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, admitirase a tramitación do procedemento en soporte papel para aqueles supostos en que os interesados xustifiquen ante o Tribunal a súa imposibilidade de acceso á súa tramitación electrónica.

Artigo 39. *Condicións e requisitos técnicos do procedemento.*

1. De conformidade coa disposición derradeira cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as condicións e os requisitos técnicos para a tramitación electrónica do procedemento regularanse mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, na cal se dará cumprimento ás regras contidas na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. Os medios electrónicos que se utilizarán no procedemento, as especificacións técnicas e os formularios que, de ser o caso, se deban utilizar, establecidos na orde ministerial que regule a tramitación electrónica do procedemento, estarán dispoñibles na sede electrónica do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

3. A identificación e autenticación dos interesados no procedemento poderase realizar, en función das características do trámite afectado, por calquera dos sistemas de comunicación electrónica establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público ou, de ser o caso, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

As condicións e os requisitos necesarios para cada unha das actuacións do procedemento de recurso especificaranse na orde ministerial a que se refire o número 1 deste artigo.

4. A orde ministerial que regule a tramitación electrónica do procedemento preverá os mecanismos a través dos cales a posta de manifesto do expediente se realizará por medios electrónicos.

Sección 2.^a Notificación electrónica

Artigo 40. *Tramitación electrónica das notificacións.*

1. As notificacións que practique o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais aos recorrentes e demais interesados no procedemento regulado neste regulamento efectuaranse por vía electrónica, de acordo co previsto no artigo 41.

2. Nos termos previstos no artigo 41 do presente regulamento, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais practica as notificacións mediante a adhesión ao sistema de notificación en enderezo electrónico regulado na Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime do sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, ou mediante calquera outro medio de comunicación electrónica nos termos establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público.

3. As notificacións efectuadas polo Tribunal consideraranse rexeitadas se, transcorridos cinco días hábiles desde a certificación de que foron recibidas, non se accedese ao seu contido.

Artigo 41. *Persoas e entidades obrigadas.*

1. As sociedades mercantís, tanto sociedades anónimas como de responsabilidade limitada, así como o resto de persoas xurídicas xa obrigadas pola Axencia Tributaria no artigo 4.1 do Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, a recibir as comunicacións e notificacións a través do enderezo electrónico habilitado, participantes nun procedemento de contratación susceptible de recurso ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, recibirán as notificacións que, de ser o caso, teña que trasladarlles o Tribunal, a través do enderezo electrónico habilitado ou mediante calquera outro medio de comunicación electrónica nos termos establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. Tamén se poderán practicar as notificacións a través do enderezo electrónico habilitado a aquelas persoas físicas que o aceptasen de forma expresa.

Disposición adicional primeira. *Adaptación aos órganos das comunidades autónomas.*

As mencións que na normativa de carácter básico deste regulamento se fan ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, así como á súa secretaría xeral ou a calquera outro órgano da Administración xeral do Estado e á normativa que os regula, entenderanse feitas, no ámbito das comunidades autónomas, aos órganos resolutorios, á Secretaría e aos demais órganos que para este ámbito estableza a normativa autonómica correspondente.

Disposición adicional segunda. *Publicación dos pregos na plataforma de contratación do sector público.*

Os órganos de contratación do sector público estatal deberán publicar os pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas que teñan que rexer a adjudicación dos contratos a que se refire o artigo 40.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, na plataforma de contratación do sector público.

Disposición adicional terceira. *Relacións do Tribunal coa plataforma de contratación do sector público.*

Os órganos de contratación do sector público estatal deberán publicar no seu perfil de contratante, residenciado na plataforma de contratación do sector público e con referencia a cada un dos procedementos de contratación convocados, a interposición de recurso especial en materia de contratación contra algún dos actos do procedemento, a suspensión acordada, de ser o caso, e a resolución que se dite nel.

A plataforma de contratación do sector público proporcionará ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, logo de solicitude deste, os datos que fagan referencia á acreditación fidedigna das publicacións ou notificacións que se operaron na plataforma, as súas datas e, de ser o caso, as súas modificacións.

En razón das posibilidades técnicas e funcionais da plataforma de contratación do sector público e das necesidades do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais poderase prever a publicación na primeira daquela información xerada polo Tribunal cuxa difusión a través dela poida resultar de utilidade.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en curso.*

Os procedementos en curso adaptarán a súa tramitación ás disposicións deste regulamento a partir da súa entrada en vigor sen retroceder no estado de tramitación en que se encontrasen en tal momento.

Disposición transitoria segunda. *Tramitación electrónica.*

1. As normas reguladoras da tramitación electrónica do procedemento non entrarán en vigor con respecto da presentación dos escritos de interposición de recursos, reclamacións e cuestións de nulidade ata transcorridos tres meses desde a entrada en vigor deste regulamento. En todo caso, a data en que esta se deba producir difundirase mediante avisos na páxina web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior e mentres non se produza o desenvolvemento mediante orde ministerial previsto no artigo 39 deste regulamento, para a tramitación electrónica dos expedientes, a presentación do recurso, da reclamación ou das cuestións de nulidade deberase realizar a través do formulario electrónico xeral previsto no artigo 11 da Orde HAP/547/2013, do 2 de abril, pola que se crea e se regula o Rexistro Electrónico do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

As disposicións deste regulamento son normas básicas ditadas ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre contratos administrativos, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas e, en consecuencia, son de aplicación xeral a todas as administracións públicas e poderes adxudicadores dependentes delas comprendidas no artigo 3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, coa excepción dos artigos 1, alíneas a) e c), 2, números 1, 3 a 10, 12, os dous últimos parágrafos do artigo 34 e o artigo 37, así como o capítulo IV, dedicado á utilización de medios electrónicos, as disposicións adicionais segunda e terceira, a disposición transitoria segunda e a disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira segunda. *Referencias ao recurso especial, reclamacións, cuestións de nulidade, órganos de contratación e entidades contratantes.*

As referencias realizadas neste regulamento ao recurso especial en materia de contratación regulado no libro I, título I, capítulo VI, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberán, así mesmo, entenderse realizadas, cando cumpra, ás reclamacións reguladas no título VII da Lei 31/2007, do 30 de outubro, así como ás cuestións de nulidade reguladas en ambas as leis.

Igualmente, as referencias realizadas neste real decreto aos órganos de contratación ou poderes adxudicadores deberán entenderse tamén realizadas ás entidades contratantes da Lei 31/2007, do 30 de outubro.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa en materia de uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para aprobar mediante orde as normas de desenvolvemento que poidan ser necesarias para facer plenamente efectivo o uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos na tramitación dos procedementos sometidos á competencia do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.